

A AGRICULTURA ECOLÓGICA



Paula Rosende Iglesias 2ºBach B

ÍNDICE

1-Que é a agricultura ecolóxica?

2-Obxectivos

3- En que se basea?

4-Agricultura ecolóxica no mundo.

5-Agricultura ecolóxica en Galicia

6- Vantaxes e inconvenientes

1-Que é a agricultura ecolóxica?

É un sistema de cultivo dunha explotación agrícola baseada na utilización óptima dos recursos naturais, sen emplear produtos químicos sintéticos, ou organismos xenéticamente modificados logrando desta maneira obter alimentos orgánicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio ambiente. Todo elo de maneira sostible, equilibrada e mantible. Garantiza unha agricultura sana e alimentos saudables para hoxe e para mañan, xa que protexe o solo, a auga e o clima, promovendo a biodiversidade. Non contamina o medio ambiente con agroquímicos nin con cultivos transxénicos. A agricultura ecolóxica nace do respecto ás dinámicas naturais dos ecosistemas e da preservación do equilibrio biolóxico.

Nela o solo asume unha importancia vital e non é un mero soporte das plantas, senon un complexo entramado de vida que se debe potenciar e mimar. É o único método de agricultura que busca armonizar o funcionamento dos sistemas naturais cos intereses do ser humano conseguindo alimentos saudables con rendimentos sostibles e asegurando a conservación dos recursos naturais, a saúde das persoas e contribúe a paliar os efectos do quentamento global.



Un dos cultivos máis empregados, por ser moi práctico, é o emprego de bancales. Este sistema é básico da agricultura biodinámica, establecida por Rudolf Steiner en 1924. En este modo fanse división no terreo de aproximadamente 1m de ancho e o largo que se desexe. Ao non deixar máis de 1m de ancho ten a vantaxe de que se pode traballar o bancal sen ter que písalo, e así non se apelmaza a terra de cultivo. É conveniente por tanto deixar entre bancal e bancal un paso adecuado.

Deben estar en función da adaptación ao medio, a súa resistencia/tolerancia ás plagas e enfermidades e da súa rentabilidade económica. Na medida do posible deberíase manter unha diversidade biolóxica, alterando ou mesturando distintas variedades. A biodiversidade vén dada pola integración de componentes a distintos niveis: edáfico (lombrices, bacterias beneficiosas, fungos, nódulos de Rhizobium); especies silvestres, rotación de cultivos. Esta biodiversidade dentro do ecosistema agrario proporciona estabilidade, resistencia e sostenibilidade fronte a sequías, plagas, etc.

2- Obxectivos:

Os principais obxectivos da agricultura orgánica son a obtención de alimentos saudables, de maior calidade nutritiva, sen a presenza de substancias de síntesis química e obtidos mediante procedementos sostibles. Este tipo de agricultura é un sistema global de xestión da produción, que incrementa e realza a saúde dos agrosistemas, inclusive a diversidade biolóxica, os ciclos biolóxicos e a actividade biolóxica do solo. Isto conséguese aplicando, sempre que sea posible, métodos agronómicos, biolóxicos e mecánicos, en contraposición á utilización de materiais sintéticos para desempeñar calquera función específica do sistema. Esta forma de produción, ademáis de contemplar o aspecto ecolóxico, inclúe na súa filosofía o melloramento das condicións de vida dos seus practicantes, de tal forma que o seu obxectivo apégase a lograr a sostenibilidade integral do sistema de produción agrícola, ou sexa constituírse como un agrosistema social, ecolóxico e economicamente sostible.

A agricultura natural, a indíxena, a familiar, a campesiña, son tipos de agricultura natural que buscan o equilibrio co ecosistema, son sistemas agrícolas sostibles, que se mantiveron ao longo do tempo en distintas rexións do mundo buscando satisfacer a demanda de alimento natural e nutritivo ás persoas e aos animais, de maneira que o agroecosistema manteña o equilibrio. A agricultura biodinámica, e a permacultura, comparten algún dos seus principios e métodos, pero son máis recentes. Nesta práctica pódense tomar en conta os policultivos que a diferenza dos mono cultivos provocan a erosión e evitan que se aproveiten os recursos do solo.



3-En qué se basa a agricultura ecolóxica?

Biodiversidade

- Cultívase unha combinación de diferentes cultivos e variedades de plantas (asociación de cultivos) no mesmo campo, huíndo dos monocultivos que se utilizan na agricultura industrial. De esta maneira consíguense moitas sinerxias entre cultivos.
- A diversidade biolóxica agrícola incrementa a resistencia das plantas ao cambio climático. Demostrouse científicamente que, tanto na natureza como na agricultura, a biodiversidade ofrece unha póliza de seguro natural contra os fenómenos climáticos extremos.
- Potenciar a biodiversidade natural, plantas silvestres, insectos beneficiosos, depredadores, é outra forma de garantir un equilibrio fundamental para a explotación agrícola.

Empleo de insumos químicos:

- O control de plagas realízase de forma natural mediante a potenciación dos sistemas naturais de control, por exemplo mediante a introducción de insectos beneficiosos e paxaros que se alimentan das plagas e de plantas que repelen ás plagas e atraen aos insectos beneficiosos. Non está permitido o uso de produtos químicos perigosos nin o uso de transxénicos.
- Os abonos naturais tamén son claves para a agricultura ecolóxica. Un solo fértil consíguese con abonos verdes mediante, por exemplo, o cultivo de leguminosas. A incorporación de esterco animal e compost tamén enriquece o solo. Estas son só algunhas maneiras de aumentar a materia orgánica e a fertilidade do solo sen fertilizantes sintéticos. O uso de abonos naturais permite tamén un aforro para os agricultores, e ademáis elimina a necesidade de insumos artificiais. Cos abonos naturais, o solo é rico en materia orgánica, máis capaz de reter a auga, e permite unha mellor protección contra a erosión. Non está permitido o uso de fertilizantes químicos.

O laboreo da terra

- O solo é o gran protagonista, trataselle como o que é: un ente vivo moi complexo, respetando a infinidade de organismos que o conforman, traballando para manter a fertilidade. Para elo é básico efectuar o mínimo laboreo posible, incluso ningún en algúns casos, para non alterar a súa complexidade intrínseca e non perder as capas con maior cantidade de materia orgánica.
- Outro dos puntos básicos na agricultura ecolóxica é a rotación de cultivos para que o solo non se empobrezca, ao contrario, se enriqueza, e para evitar a aparición de plagas.


4-Agricultura ecolóxica no mundo:

A agricultura ecolóxica permite ás comunidades producir os alimentos necesarios para alimentarse. Este tipo de agricultura favorece un futuro con unha agricultura respectuosa e alimentos saudables para todas as persoas. Os alimentos cultivados de forma ecolóxica teñen mellor sabor e son máis sanos. Un estudo recente en California mostra que as fresas cultivadas ecolóxicamente son máis doces que as producidas de forma convencional. A variedade ecolóxica tamén contén un 10% máis de antioxidantes, relacionados coa prevención de moitas enfermidades.

En termos económicos, este método de agricultura moderna conduce a maiores rendimentos dos cultivos. A nivel mundial, a agricultura ecolóxica pode producir un promedio de aproximadamente 30% máis alimentos por hectárea que a agricultura convencional. Nos países en desenvolvemento, a agricultura ecolóxica pode producir aproximadamente un 80% máis de alimentos por hectárea. Ao non empregar insumos químicos sintéticos que ademais, son moi contaminantes, prodúcese un aforro moi importante para os agricultores. Tamén, supón a mellor forma de mitigar os efectos do cambio climático e axudar á poboación mundial a adaptarse aos cambios que supón o calentamiento global.

Actualmente, 2600 millóns de persoas son pequenos agricultores. Estes son os agricultores que producen a maior parte dos alimentos que consumimos. Millóns de agricultores de todo o mundo practican a agricultura ecolóxica, demostrando que é posible producir alimentos suficientes con rentables métodos ecolóxicos. España é o país que, por cuarto ano consecutivo, se situou á cabeza do pelotón na Unión Europea en canto a superficie destinada á agricultura ecolóxica, alcanzado xa a cifra de 1845039 hectáreas o que representa un crecemento en 2011 do 11,765%. É o claro exemplo de que a agricultura ecolóxica é viable e que é a única solución para salvar a agricultura e permitir o desenvolvemento rural, máis aínda nestos momentos de profunda crisis socio-económica e ecolóxica. Nos Estados Unidos, agrónomos compararon campos de millo sembrados como monocultivos con outros que tiñan maior biodiversidade de cultivos. Foron estes últimos onde se produciu o rendemento en máis dun 100%.

EVOLUCIÓN DE LA SUPERFICIE ECOLÓGICA EN LA U.E.



5- Agricultura ecolóxica en Galicia:

O consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) exerce o control en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Protexe todas as producións agrícolas vexetais e animais non transformadas, os produtos agrícolas vexetais e animais transformados, destinados á alimentación humana, e os alimentos, piensos compostos e materias primas para a alimentación animal. Son produtos que posúen a máxima calidade nutritiva, sanitaria e organoléptica, ademais de manter as súas propiedades alimenticias e de madurez durante máis tempo.

Datos técnicos (2014)

-Produtores: 525

-Elaboradores: 108

-Superficie inscrita: 15.670 hectáreas

-Valor económico: 31,22 millóns de euros

No ano 2018 a facturación da agricultura e da gandería ecolóxica creceu un 42% no último ano. Ademais según os estudos feitos o crecemento no campo da agricultura podería ser todavía maior nos próximos anos.

Galicia é toda unha potencia en agricultura ecolóxica, pero si hai unha zona na que máis prolifere este tipo de produción é Lugo (provincia que encabeza o ranking). Según datos de Craega, máis da metade da superficie certificada en Galicia encóntrase na provincia de Lugo. Das máis de 32.000 hectáreas de superficie inscritas na agricultura ecolóxica, máis do 50% están en Lugo. Alí nos últimos anos tamén creceu o número de operadores, a través do plan estratéxico de agricultura ecolóxica para Galicia da Xunta, son moitos os profesionais que apostan por camiñar hacia unha produción agrícola máis sostible e respetuosa co medio ambiente.



6- Vantaxes e Inconvintes

Beneficios medioambientais:

Favorece a estrutura, a fertilidade do solo e a presenza de microorganismos beneficiosos para os cultivos. A base para a obtención duns bos rendementos agrícolas é un solo fértil e con boa estrutura. As prácticas de cultivo agroecolóxicas, nas que se substitúen os agroquímicos de síntese por produtos biolóxicos e enmendas orgánicas, favorecen a prosperidade dos solos. En comparación coa terra tratada solo con produtos químicos, un solo rico en materia orgánica aportada mediante enmendas pode non solo albergar a un número 10 veces superior de bacterias útiles, senón ademais ofrecer unha diversidade moito maior. A agricultura ecolóxica emprega como base da fertilización a materia orgánica. Isto ten dúas consecuencias directas:

- Mellora na infiltración e retención da auga no solo e no crecemento das raíces, o que favorece o desenvolvemento dos cultivos.
- Incremento da fertilidade química que presenta o solo, que se traduce nunha mellor disponibilidad dos nutrientes que os cultivos precisan para crecer.

Contribúe a conservación da auga e a súa calidade, debido a esta mellor infiltración e retención da auga, a agricultura ecolóxica require unha mellor irrigación e, polo tanto, contribúe ao aforro de auga.

Mitiga os efectos do cambio climático xa que un sistema de agricultura ecolóxica ben aplicado axuda a reducir os efectos do calentamento global e a aminorar o cambio climático, porque diminúe a emisión de estes gases: CO₂, CH₄ E N₂O. A agricultura ecolóxica ten unha das súas principais características na rotación de cultivos, o que se comprobou que axuda a previr as perdas de nitróxeno a atmosfera e xera un incremento da biomasa radicular. Por outra parte, si a agricultura ecolóxica encontra resposta positiva nos consumidores, fai innecesario producir alimentos asumindo elevados esforzos enerxéticos ou trasladándoos desde países lexanos, algo que conleva un impacto medioambiental positivo e ademais favorece ao comercio xusto.

Fomenta a biodiversidade e con elo favorece o control de plagas, enfermidades e malas herbas, a biodiversidade nas terras de cultivos favorece o establecemento de cadenas tróficas entre os organismos potencialmente dañinos e os seus depredadores naturais. Isto contribúe a un maior equilibrio das poboacións de insectos e outros invertebrados, reducindo o risco de plagas. Fomenta que esa biodiversidade sexa elevada o que, ademais de aumentar a resistencia dos campos a plagas e enfermidades, pode axudar a mitigar o dano provocando condicións climatolóxicas adversas. Un exemplo é a forma na que as cubertas vexetais en plantación leñosas mitigan a erosión dos solos e diminúen o calentamento dos mesmos durante as épocas de maior calor.

De maneira adicional, a agricultura ecolóxica prevén a aparición de resistencias a herbicidas e plaguicidas nas poboacións de malas herbas e insectos plaga, o que repercute nun beneficio para todos os agricultores. Isto é debido a que o uso abusivo de herbicidas e plaguicidas de síntese provoca unha selección xenética dos patóxenos, plagas e malas herbas máis resistentes, facendo necesario buscar continuamente novas formulacións para controlar ditas plagas.

Beneficios para a saúde:

A agricultura ecolóxica conleva unha menor exposición do agricultor e dos consumidores a pesticidas e outros produtos químicos. Estes poden contaminar solos, suministros de auga e aire, en ocasións por moitos anos. Prevén da erosión, evitando problemas ambientais como os derivados do arrastre de sedimentos que proveñen dos solos agrícolas por parte dos ríos. Empléanse técnicas como as cubertas vexetais entre as liñas de plantación.

Contribúe ao benestar da flora e da fauna:

A agricultura ecolóxica non só axuda a preservar máis áreas do habitat natural, senón que tamén favorece que aves e outros depredadores naturais vivan nas terras de cultivo, o que axuda no control natural das plagas.

Vantaxes sobre a rentabilidade: cobro do greening e valor engadido nos produtos:

Permite cobrar o greening sen ter que preocuparse polo mantemento de superficies de interés ecolóxico, as últimas novidades de Greening da PAC esixen para o seu cobro prácticas agroecolóxicas baseadas en tres áreas:

- 1- Diversificación de cultivos.
- 2- Mantemento de Superficies de Interés Ecolóxico (SIE).
- 3- Mantemento e protección de pastos permanentes.

O selo da agricultura ecolóxica pode aportar un valor engadido aos produtos:

Os produtos ecolóxicos cada vez teñen máis aceptación e son máis demandados no mercado europeo, concienciando cada vez máis na protección do medio ambiente. Por eso aumenta o número de cidadanos dispostos a pagar máis por un produto con certificación ecolóxica. Para garantir de cara ao consumidor que os produtos procedentes da túa explotación cumpren cos estándares exixidos para ser considerados ecolóxicos, existen organismos de control e certificación que avalan o cumprimento das normas agroecolóxicas. Algúns dos máis importantes son INTERECO, ECOCERT y CERES. O selo é a única garantía oficial de que produto é orgánico obténse despois de demostrar de maneira fiable que o produto é totalmente ecolóxico, con controles en cada fase do seu cultivo e transformación.

Inconvintes da agricultura ecolóxica:

Aínda que as vantaxes son numerosas tamén existe algún inconvinte:

-Sobrecoste das materias activas permitidas en agricultura ecolóxica fronte ás empregadas na agricultura tradicional.

-O problema que supón para o produtor ecolóxico o feito de ter cerca explotacións de agricultura convencional, xa que poden ocasionar a contaminación cruzada, que invalidará os análises de trazas de plaguicidas. A día de hoxe é un problema insuficientemente resolto.



